


RUTAS AO AIRE LIBRE

ABRIL 2023

RÍO BELELLE – VILADONELLE



DATA: sábado, 22 de abril de 2023

HORARIO:

- **Quenda de mañá:** hora de inicio 10:00 h.
Hora prevista de finalización 14:00 h.
- **Quenda de tarde:** hora de inicio 16:00 h.
Hora prevista de finalización 20:00 h.

PUNTO DE SAÍDA:

<https://goo.gl/maps/6xKdUP1yJrpNhWbg6>

PUNTO DE CHEGADA:

<https://goo.gl/maps/6xKdUP1yJrpNhWbg6>



TELÉFONO DE CONTACTO (só para o día da ruta): 604 07 72 76


DESCRICIÓN:

Desprazarémonos no coche ata O Roxal (Neda). Colleremos o desvío que pon “Pazo Isabel II” e “Fervenza Beelle”. O punto de encontro será o aparcamento situado diante do pazo onde comezaremos a ruta.

Sairemos en dirección ao Muiño da Barcia e chegaremos á central hidroeléctrica do Beelle; tras este primeiro quilómetro de asfalto colleremos o carreiro que sobe ao miradoiro onde teremos unhas estupendas vistas do alto da fervenza. Pouco despois achegarémonos á Igrexa de Santo Adré de Viladonelle e ao propio lugar de Viladonelle. A seguinte poboación é a aldea de Beelle, onde colleremos unha pista que nos leva a unha ponte de pedra pola que cruzaremos o río para dirixirnos á canalización.

Seguiremos río abaixo seguindo o muro que se mantén en moi bo estado e en uso. Un agradable camiño polo alto do val cunhas increíbles vistas da flora autóctona ata chegar á central de carga.


Finalmente, comezaremos a baixada. Este percorrido deixaranos de novo na central e achegarémonos a ver o pé da fermosa fervenza, para volver ao aparcamento, punto de inicio e meta da nosa actividade.




NIVEL DE DIFICULTADE: dificultade media

DISTANCIA: 9,6 km

DURACIÓN APROXIMADA: de 3 horas e 15 min, segundo a táboa. Porén, consideramos que tardaremos 4 horas debido aos posibles cambios do estado do terreo polo que hai que camiñar, sempre en función das persoas participantes. Grupo mínimo de 8 persoas e máximo de 30 (en cada quenda).



MAPA



PERFIL:


261 m

40 m

9,52 km



Río Belelle-Viladonelle			
horario	3h 15' 	 1	severidade no medio natural
desnivel de subida	397 m 	 3	orientación no itinerario
desnivel de baixada	397 m 	 3	dificultade no desprazamento
distancia horizontal	9,6 Km 	 3	cantidade de esforzo
tipo de percorrido	Circular 		
Condições de todo o ano, tempos estimados segundo o criterio MIDE, sen paradas. Calculado sobre datos de 2023.			

COMO INTERPRETAR A LENDA MIDE	
	Medio. Severidade do medio natural 1 O medio non está exento de riscos 2 Hai máis dun factor de risco 3 Hai varios factores de risco 4 Hai bastantes factores de risco 5 Hai moitos factores de risco
	Itinerario. Dificultade de orientarse no itinerario 1 Camiños e cruzamentos ben definidos 2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade 3 Esixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais 4 Esixe técnicas de orientación e navegación fóra de traza 5 A navegación é interrompida por obstáculos que hai que bordear
	Desprazamento. Dificultade no desprazamento 1 Marcha por superficie lisa 2 Marcha por camiños de ferradura 3 Marcha por sendas dispostas en chanzos ou terreos irregulares 4 É preciso o uso das mans para manter o equilibrio 5 Require pasos de escalada para a progresión
	Esforzo. Cantidade de esforzo necesario 1 Ata 1 h de marcha efectiva 2 Máis de 1 h e ata 3 h de marcha efectiva 3 Máis de 3 h e ata 6 h de marcha efectiva 4 Máis de 6 h e ata 10 h de marcha efectiva 5 Máis de 10 h de marcha efectiva
<i>Calculado segundo os criterios do MIDE para un excursionista medio pouco cargado</i> <i>O MIDE está recomendado pola Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME)</i>	